




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Fisterra. Parroquias: San Martiño de Duio o terzo occidental, e San Xoán de Sardiñeiro ao este. Extensión: 1,11km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade situada nas ladeiras surorientais do Monte da Serra. Os desniveis dispóñense a modo de chanzos consecutivos, sendo maiores preto da cima e na liña de contacto co mar, dando lugar a pequenos cantís que son máis pronunciados na costa sur, especialmente nas vertentes da praia de Talón. A media ladeira, as pendentes son máis moderadas, aínda que non chegan a conformar unha chaira litoral.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio hercínico, compóndose a unidade dun granitoide migmático con facies de deformación. Existe un dique de microgranito nas Boleiras.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de clima homoxéneo: temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións medias con valores entre 1200mm e 1400mm ao ano. A oscilación térmica rolda os 13°C. Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Cabeceira da vertente con solos pobres de escaso desenvolvemento con afloramentos do substrato rochoso en superficie, do tipo leptosol lítico. A vertente presenta na súa maior parte umbrisois e cambisois dístricos estes últimos máis evolucionados e localizados en tramos de menor pendente da franxa costeira.


AS AUGAS

A rede hidrográfica consta de pequenos arrosios que recollen a auga de escorrentía e a canalizan a través das ladeiras meridionais do Monte da Serra. O sector está bañado polas Augas Costeiras da Ría de Corcubión (20142)

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta de pequenos areais e costa rochosa de cantís baixos e plataforma. Débense destacar por un lado os hábitats de fronte costeira 1230, de cantís mariños atlánticos, e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Tamén aparecen varios exemplos de grutas costeiras, polo que é posible encontrar tamén o hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas. O mato próximo á liña de costa, como as vertentes superiores, encóntranse moi degradadas, non só pola existencia de antigos cultivos ou construcións, senón tamén polo impacto das plantacións forestais. O que si aparecen son afloramentos graníticos que posibilitan a presenza de hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maior parte do chan que abarca as ladeiras orientais do Monte da Serra, está cuberto por matogueira costeira, desde a súa cima até a fronte litoral. Esta superficie presenta discontinuidades, xa que aparecen numerosos grupos de masas de repoboación por toda a superficie e certas parcelas de uso agrícola, situadas no pé da vertente máis oriental do Monte da Serra (e vinculadas ao asentamento de Praia do Sardiñeiro), entre as masas de matogueira predominante. A franxa costeira situada no centro-sur alberga a praia de Mala Chave acubillada por cantís.

MORFOLOXÍA

O único asentamento existente é puntual e consta dunha soa vivenda de uso residencial, non vinculada ás actividades do sector primario nin a núcleos tradicionais

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación é a AC-445, estrada de Fisterra-Cee, atravesa o territorio seguindo un trazado case paralelo á costa e elevándose uns trinta e cinco metros sobre o nivel do mar. Unha ramificación da AC-445 é unha vía secundaria que dá acceso á única edificación existente na zona e a outras situadas na Praia de Langosteira. O resto da rede viaria que atopamos apóiase nos camiños e vías que facilitan o acceso ás masas forestais e terras de cultivo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen dous elementos de patrimonio arqueolóxico: o Castro de Punta Sardiñeiro e a Mámoa de Punta Sardiñeiro situadas próximas á punta homónima ao sueste da unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Formada na súa maior parte polo Monte da Serra e fronte litoral, predominan os aspectos naturais presentando unha paisaxe natural de mar e montaña. As principais transformacións antropoxénicas son de carácter forestal, influíndo na parcelación da superficie, que sendo esta principalmente en bandas e seguindo liñas de máxima pendente, imprímelle un certo carácter xeométrico á paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

A unidade non sufriu practicamente ningunha transformación. Poderíamos destacar a ampliación da estrada AC-455 e a aparición da vivenda ao bordo do cantil. Os incendios do 2006 produciron un cambio na cuberta vexetal na ladeira do Monte da Serra, antes poboadas de frondosas de repoboación, cambiando a matogueira costeira.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Caracterizada por unha paisaxe solitaria, despoboadas onde os seus elementos máis interesantes están relacionados coa súa fachada litoral e o fondo escénico do Monte da Serra, sendo a súa cima un lugar ideal para obter as mellores panorámicas do lugar e a súa costa un espazo que chama a ser percorrido.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



